

## Limpeza de fondos marino en Marín (pontevedra ) el 18 Abril

Autor David Villegas  
martes, 31 de marzo de 2009

A Concellaría de Medio Ambiente, dirixida por Pilar Blanco, acometerá o próximo día 18 de abril a limpeza dos fondos mariños da praia de Aguete incluíndo a pradería submarina que alí habita, respondendo deste xeito as observacións feitas polo biólogo mariño e buceador, David Villegas Ríos.

Este biólogo e veciño de Marín tiña detectado na citada pradería a existencia de materiais plásticos e restos de embarcacións que foran a pique meses atrás. Ante esta situación decidiu poñerse en contacto co Concello de Marín para propoñer que a través da Concellaría de Medio Ambiente se organizara a limpeza dos desperdicios atopados. Por parte do departamento municipal se lle mostrou dende o primeiro momento unha boa predisposición a colaborar nesta causa, iniciando os trámites para que a actividade se puidese levar a cabo de forma inminente.

Deste xeito, contactouse con Capitanía Marítima para coñecer que medidas de seguridade, medios e permisos eran precisos para proceder á limpeza dos residuos existentes nos fondos mariños de Aguete.

A concelleira nacionalista confirmou que os equipos de mergullo para a levar a cabo a limpeza serán aportados de forma gratuíta por parte da empresa Servisub. Por outra banda, as instalacións de apoio para o troco de roupa dos participantes na actividade serán cedidas de forma altruísta polo Club de Mar de Aguete. Finalmente, a Concellaría de Medio Ambiente ofrecerá o camiño, efectivos de Protección Civil, o dispositivo de seguridade, ofrecerá un pequeno agasallo e entregará un pequeno agasallo aos voluntarios ao final da xornada.

A actividade levarase a cabo durante a mañá do próximo sábado 18 de abril se as condicións meteorolóxicas o permiten. Os mergulladores que queiran participar nesta limpeza voluntaria dos fondos mariños da praia de Aguete deben ter un seguro en vigor. Os interesados poden obter máis información no correo electrónico [limpezaaguete@gmail.com](mailto:limpezaaguete@gmail.com) ou chamando ao número de teléfono 886 208 086.